

SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE A ESTRADA N-555

PLENO 25 SETEMBRO 2014. ACTA 13/2014

Os veciños da estrada N-555, que atravesa as parroquias de Cedeira, Negros, Cabeiro e Vilar, quéixanse de que os vehículos pesados baixan a toda velocidade, e denuncian que os camións das obras do AVE circulan coas cargas sen cubrir cos pertinentes toldos, polo que deixan un regueiro de po e terra. Este problema súmase a todos os problemas que veñen sufrindo estes veciños e veciñas dende hai moitos anos en canto á inseguridade viaria, como son a falta de beirarrúas e pasos de peóns. O colectivo Veciñal Pola Seguridade Viaria na N-555 solicitou, sa en maio deste ano, saber que actuacións ten pensado facer Fomento nesta estrada, sen obter a día de hoxe resposta.

O grupo municipal do BNG tamén se fixo eco destas queixas, afirmando que Fomento ignora as peticións dos veciños e tamén ignora as mocións aprobadas no pleno que solicitaba melloras na N-555.

Por todo o anterior, solicitamos a comparecencia do alcalde para que:

- informe das xestións feitas con Fomento con respecto á N-555 e aclare se hai xa algún proxecto firme para mellorar a seguridade viaria desta estrada.
- informe se vai tomar algunha medida para que os camións reduzan a súa velocidade e leven toldos.
- informe se se van sinalizar as paradas do bus escolar ao longo desta estrada.

O Alcalde sinala que cando chegaron ao Concello fixeron un dossier sobre os temas pendentes co ministerio de Fomento e algunhas cuestións foron arranxándose e outras non. Puxeron sobre a mesa estas reivindicacións. Insiste en que o alcalde está dando a cara no ministerio polos temas de Redondela. Resume as actuacións solicitadas en base ao informe dos servizos técnicos. Di que Fomento asume unha serie de compromisos pero cando teña a información definitiva llela transmitirá.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que gustaríalle que cando teña o proxecto llelo faciliten tanto a eles como aos colectivos veciñais.

O alcalde di que espera que a información poida estar antes de final de ano.